

2024

REGULAMENTO PARTICULAR RALLYSPRINT VAL DE RAMIRAS 2024



ARTIGO 1 - PROGRAMA HORARIO

DATA	HORARIO	PROGRAMA	LUGAR
26/08/24	10:00	Apertura de inscricións.	WEB
23/08/24	20:00	Peche de inscricións	WEB
25/09/24	20:00	Publicación lista de inscritos	WEB
27/09/24	19:00 a 22:00	Verificacións optativas administrativas e técnicas.	Podium Ramirás
28/09/24	08:00 a 11:00	Verificacións obrigatorias administrativas, entrega documentación, GPS e roadbook.	Secretaría
28/09/24	08:15- 12:30	Verificacións técnicas obrigatorias	Reagrupamento Ramirás
	08:00 a 13:00	Recoñecementos	Treitos
	13:00	Hora límite entrada Parque Mixto (Asistencia)	Ramirás
	13:30	Publicación lista vehículos autorizados a toma-la saída	Sportity
	14:00	Saída 1º participante 1ª sección	Asistencia
	15:10	Chegada 1º participante 1ª sección	Reagrupamento Ramirás
	16:10	Saída 1º participante 2ª sección	Asistencia
	18:20	Chegada 1º participante 2ª sección	Parque Pechado
	19:00	Verificación final e de oficio	PDTE
	19:30	Clasificación Provisional	SPORTITY
	20:30	Clasificación Final Oficial	SPORTITY
	20:30	Reparto de premios e trofeos	PODIUM

Nota: Levantamento vehículos parque pechado-parque de traballo (unificados ou individuais): Unha vez publicada a clasificación FINAL OFICIAL, **autorízase a tódolos participantes a sacalos vehículos** sen ter que esperar ás entregas de premios.

Hora límite de entrada o Parque de Traballo para vehículos de asistencia: **Horas: 11:00 do día 28/09/2024.**

TABOLEIRO OFICIAL DE AVISOS

Segundo o disposto no art. 11.9.4 do CDI, non haberá Taboleiro de Anuncios Oficial físico, senón que estará dispoñible telemáticamente na aplicación Sportity. Para acceder a toda a información do taboleiro de anuncios dixital do Rallysprint deberase ingresar o contrasinal: **RAMIRAS24**

ARTIGO 2- ORGANIZACIÓN

A **Escudería Ourense** organiza o Rallysprint Val de Ramirás que se desenvolverá dende do día 27 ó día 28 de setembro do ano **2024**.

Este Rallysprint disputarase de acordo co establecido nas prescricións comúns dos Campionatos e Copas de Galicia 2024, o Regulamento Xeral, e o presente Regulamento Particular da proba, no C.D.I. (e os seus anexos), as prescricións xerais aplicadas a tódolos Campionatos e Copas F.I.A., no seu caso, e os Regulamentos Xerais dos mesmos, aprobados pola Federación Galega de Automobilismo o día **26/08/2024**.

A proba ten o Permiso de Organización da Federación Galega de Automobilismo número **GA -043- RT**

Artigo 2.2 - Comité de Organización

PRESIDENTE D. Alejandro Fraga Paradela

VOCAIS
D. Jesús Miguel Varela González
D. Manuel Fernández Blanco
D. Brais Fernández
D. Javier Prol Prieto

SECRETARIO Dña. Beatriz López Formigo

Dirección da Secretaría do Comité Organizador:

ESCUDE RÍA OURENSE

Rúa: Parque de San Lázaro 12 -5º

C.P.: 32003 Municipio: OURENSE Provincia: OURENSE

Teléfonos: **988236312**

e-mail: secretaria@rallyeourense.es

Artigo 2.3. Oficiais:

Presidente Escudería/Comité Organizador:

D. Alejandro Fraga Paradela DC-0915-GA-AUT

Comisarios Deportivos:

Presidente:

D. Estrella Castrillón Vidal. **CD-0120-GA-AUT**
D. Román Lamas Fernández DC-0003-GA-AUT
D. Rubén Carballo Iglesias DC-0018-GA-AUT

Observador/Delegado Seguridad da F.G. de A.:

D. Fernando Adán Couceiro OBS-0014-GA

Director da Carreira-Oficina:

D. Alejandro Fraga Paradela DC-0915-GA-AUT

Xefe de Cronometraxe

D. Antonio Quintela González DC-0872-GA-AUT

Comisarios Técnicos da F.G.A. Para control xeral e das Fórmulas de Promoción:

Presidente: D. José A. Martínez del Río JOC-0012-GA-AUT

Comisarios Técnicos da Escudería Verificacións Xerais:

Vocal: D. José M. Rodríguez Fernández JOC-1955-GA-AUT

Xefes de treito:

Equipo A D. Luís Reverter Gil JDA-2187-GA-AUT

Equipo B D. Javier Cofán Sabas JDA-2188-GA-AUT

Xefes de Seguridade Vial Treitos:

Equipo A D. Alberto Atanes González OD-2189-GA-AUT

Equipo B D. Javier Prol Prieto OD-2190-GA-AUT

Vehículo "XEFE SEGURIDADE VIAL":

D. Jesús Miguel Varela González DC-1749-GA-AUT

Vehículo "0":

D. Adrián Vázquez Rico E-0391-GA-AUT

D. Melisa Lorenzo Pereira CD-0392-GA-AUT

Vehículo "00" (DIRECTOR ADXUNTO NA ESTRADA):

Dª. Diana Rivas Salgueiro DC-0055-GA-AUT

Vehículo ESCOBA:

D. Diego Besada González DC-0178-GA-AUT

Servizo Informático e publicación de tempos: A TODO MOTOR

Servizo de Ambulancias: AMBULANCIAS BANDE

Servizos Médicos: E.M.S. GALICIA

Centros Asistenciais: PAC Celanova, CHUO e os designados por concerto pola CIA aseguradora Allianz.

Servizo de Guindastres: Celanova Motor

Nota: En cumprimento da normativa de expedición de licenzas, o resto dos oficiais da proba comunicaranse en COMPLEMENTO numerado e datado, alomenos sete días antes da celebración da proba. O Vehículo "0" pasará diante do primeiro participante coa antelación suficiente para non ser alcanzado polo mesmo.

O Vehículo Escoba pasará xusto detrás do derradeiro participante. Estes dous vehículos terán que ser pilotados por Oficiais con licenza DC, agás o piloto do Vehículo "0" que deberá ter licenza de piloto,

expedidas pola F.G. de A., e á súa vez deben ser incluídos no Seguro contratado polo Organizador para a cobertura do meeting no eido dos participantes.

ARTIGO 3 - PUNTUABILIDADE

O **Rallysprint Val de Ramirás** é puntuable para os seguintes Campionatos e Copas:

1. Campionato de Galicia de Rallysprint sobre asfalto (pilotos e copilotos).
2. Copa de Galicia de Rallysprint para a Agrupación 1.
3. Copa de Galicia de Rallysprint para a Agrupación 2.
4. Copa de Galicia de Rallysprint para a Agrupación 3.
5. Copa de Galicia de Rallysprint para a Agrupación 4.
6. Copa de Galicia de Rallysprint para a Agrupación 5.
7. Copa de Galicia de Rallysprint para a Agrupación 6.
8. Copa de Galicia de Rallysprint para a Agrupación 7.
9. Copa de Galicia de Rallysprint para Escuderías (debidamente rexistradas e en posesión de licenza de concursante colectiva única expedida pola F.G.A.).
10. Trofeos e Copas de Promoción que designe a F.G.A

ARTIGO 4 - Descrición

O **Rallysprint Val de Ramirás**, consta dun percorrido total de **77,94 quilómetros**, dos cales **43,18 quilómetros** corresponden a 2 Treitos Cronometrados por estradas asfaltadas pechadas ó tráfico.

Está dividido en **1 Etapa** e **2 Seccións**.

O Itinerario-Horario figura no Anexo VI do presente Regulamento.

No Carné de Control e no Libro de Ruta constan detallados o percorrido, Etapas e Seccións, así como os Controis Horarios, Recorridos alternativos, e Reagrupamentos.

O Rallysprint terá 1 Parques de Traballo.

Artigo 5 - Vehículos Admitidos e puntuables.

5.1 Serán admitidos a participar e puntuar os vehículos incluídos no seguinte cadro, os cales quedarán encadrados nas diferentes agrupacións:

AGR	GRUPO	REGULAMENTO	PESO MINIMO (Kg)	BRIDA MAX (mm)
1	Gr. A + 2.000 cc 2RM e 4x4	Art. 255 Anexo J FIA 2019	1230	34
	Gr. N + 2.000 cc 2RM e 4x4	Art. 254 Anexo J FIA 2019	S/Ficha Homolog	33
	Gr. X + 2.000 cc 2RM e 4x4	Grupo "X" FGA	S/ Regulamento	34
	Gr. G + 2.000 cc	Grupo "G" FGA	S/ Regulamento	34
	N1	RFEDA + Grupo "G" FGA	S/Ficha Homolog	34
	Gr. SCC	GRUPO SCC	S/Regulamento	S/Ficha.Homolog.
2	Rally 4 Atmo + 1.600 / - 2.000 cc (Ra4B)	Art. 260 Anexo J FIA	1080	---
	Rally 4 Turbo + 1.067 / - 2.000 cc (Ra4C)	Art. 260 Anexo J FIA	1080	30
	R3T	Art. 260D Anexo J FIA 2019	1080	29
	R3C	Art. 260 Anexo J FIA 2019	1080	---
	S1600	Art. 255 Anexo J FIA	1000	---
	S1600 RFEDA	Art. 255 Anexo J FIA+RFEDA	1000	---
	R2C	Art. 260 Anexo J FIA 2018	1080	---
	N2	RFEDA + Grupo "G" FGA	S/Ficha Homolog	S/ procedencia
	N3 Turbo	RFEDA + Grupo "G" FGA	S/Ficha Homolog	S/ procedencia
	Gr. N (2RM)	Art. 254 Anexo J FIA 2019	S/Ficha Homolog	33
	N4	RFEDA + Grupo "G" FGA	S/Ficha Homolog	S/ procedencia
	Gr. A +1.601 / -2.000 cc Kit Car	Art. 255 Anexo J FIA 2019	S/ Regulamento	---
	Gr. X +1.601 / -2.000 cc Kit Car	Grupo "X" FGA	S/ Regulamento	---
	Gr. G -2.000 cc (2RM)	Grupo "G" FGA	S/Ficha Homolog	34
3	Rally 4 Atmo +1.390 / - 1.600 cc (Ra4B)	Art. 260 Anexo J FIA	1080	---
	Rally 4 Turbo - 1.067 cc (Ra4B)	Art. 260 Anexo J FIA	1080	30
	R2B -1.600 cc	Art. 260 Anexo J FIA 2018	1030	---
	R3D	Art. 260 Anexo J FIA 2019	1150	32
	Gr. A -1.600 cc Kit Car	Art. 255 Anexo J FIA 2019	S/ Regulamento	---
	Gr. N +1.600 / -2.000 cc (2RM)	Art. 254 Anexo J FIA 2019	S/ Regulamento	---
	Gr. X +1.600 / -2.000 cc (2RM)	Grupo "X" FGA	S/ Regulamento	---
4	R1A / R1B -1.600 cc	Art. 260 Anexo J FIA 2018	S/ Regulamento	---
	Rally 5	Art. 260 Anexo J FIA	S/ Regulamento	30
	Rally 5 kit	Art. 260B Anexo J FIA 2024		30
	Gr. N -1.600 cc	Art. 254 Anexo J	S/ Regulamento	---
	Gr. X -1.600 cc	Grupo "X" FGA	S/ Regulamento	---
5	Todos os Grupos -1.200 cc agás SCC	S/ procedencia	S/ Ficha Homolog.	---
6	Históricos Gr. H Pre81	Grupo "H" FGA	S/ Regulamento	F.H.
7	Históricos Gr. H Pre90	Grupo "H" FGA	S/ Regulamento	F.H.

5.2 O resto de vehículos non incluídos no apartado 5.1, e en todo caso os vehículos das categorías Rally1, WRC, Super 2000, R5, Rally2, N5, N6, GT, R-GT, GT Rallye, GT-Serie e GT+ serán admitidos a participar sen puntuar, nin optar a premios, sempre e cando estean acorde coa súa ficha de homologación. En outro caso deberán solicitar autorización expresa á F.G.A.

5.3 As clasificacións parciais e oficiais da proba, dos vehículos que non puntúen farase nunha clasificación independente coa denominación EXTRA.

5.4 A todos os efectos, considerase constituída unha agrupación coa saída de un só vehículo.

Artigo 6 - Concursantes Admitidos. Para participar nos Campionatos e Copas de Galicia estarase ao disposto no Anexo I publicado pola Federación Galega de Automobilismo.

Artigo 7 - Solicitude de Inscripción - Inscripcións

7.1.- Todo equipo que desexe participar no Rallysprint Val de Ramirás, terá que cumprimentar telemáticamente en www.fga.es o formulario de inscrición. A falla de calquera dos datos requiridos no formulario implicará que non se complete e polo tanto se refusa a mesma. O xustificante de ingreso bancario terá que ser enviado ó e-mail: secretaria@rallyeourense.es antes do peche do prazo de inscrición.

Os datos relativos ao copiloto poden ser completados ata as 19:00 h. do día 25 de setembro de 2024.

7.2.- O número de inscritos fíxase nun máximo de **90** vehículos.

7.3.- Os dereitos de inscrición deberán ser satisfeitos da seguinte forma:

Na conta corrente **ES11 2080 5260 7430 4007 9228**

NON SE DEVOLVERÁN OS DEREITOS DE INSCRICIÓN A NINGÚN PARTICIPANTE UNHA VEZ PUBLICADA A LISTA DE INSCRITOS.

7.4.- Admitiranse Inscripcións condicionadas, unha vez superado o número de inscritos fixado como máximo.

7.5.- A orde de recepción da Solicitude de Inscripción, así como dos Dereitos de Inscripción, será determinante para a confección da Lista de Inscritos.

NON SE CONSIDERARÁ INSCRITO NINGÚN EQUIPO QUE INCUMPLA TOTAL OU PARCIALMENTE O SINALADO NESTE ARTIGO 7

Artigo 8 - Dereitos de Inscripción - Seguros

8.1.- Os dereitos de inscrición fíxanse en:

8.1.1.- 235 € (+30,25 GPS) Total: 265,25 € aceptando a publicidade facultativa proposta pola organización.

8.1.2.- 470 € (+30,25 GPS) Total: 500,25 € NON aceptando a publicidade facultativa proposta pola organización.

8.2.- A solicitude de inscrición non se aceptará se non vai acompañada dos Dereitos de Inscripción.

8.3.- Os Dereitos de Inscripción comprenden o Seguro garantindo a Responsabilidade Civil fronte a terceiros, de acordo coa Regulamentación da Federación Galega de Automobilismo.

8.4.- Os Dereitos de Inscripción tan só serán reembolsados aos equipos cuxas inscricións sexan rexeitadas, ou no caso de que a proba non se celebrara. En ningún outro caso serán devoltos.

Artigo 9 - Hora Oficial do Rallysprint. Durante o transcurso da proba, a hora oficial será a emitida polos Cronómetros da F.G. de A. e a web www.time.is.

Artigo 10 – Premios. Os premios e Trofeos que se entregarán da seguinte forma:

CLASIFICACIÓN XERAL SCRATCH	
1º	650 € e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)
2º	450 € e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)

3º	350 € e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)
4º	300 € e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)
5º	150 € e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)

AGRUPACIÓNS (1, 2, 3, 4, 5, 6 e 7)	
1º	120 € e Trofeo
2º	80 € e Trofeo
3º	Trofeo

TOTAL PREMIOS
3300 €

Para recibir o premio acadado (tanto o metálico, como o trofeo), será indispensable a presenza na entrega de premios do piloto ou representante. No caso contrario, enténdese que se renuncia a eles, quedando en propiedade da organización.

Artigo 11 Recoñecementos

11.1 Os treitos serán secretos ata o momento de entrega do Roadbook. Unicamente se permiten dúas pasadas de recoñecementos por treito.

11.2 A velocidade máxima nos treitos a recoñecer será de 80 km/h. e será controlada por GPS. En calquera caso é obrigado respetar en tódalas vías as limitacións establecidas polas Autoridades.

11.3 Non está permitido circular en sentido contrario ó indicado no Roadbook polos treitos cronometrados. Circular marcha atrás nun treito cronometrado, terá a consideración de circular en sentido contrario e será penalizado.

11.4 Os recoñecementos únicamente poderán ser realizados polos equipos inscritos no Rallye (piloto e copiloto), podendo ser solicitado á F.G.A. un cambio en algún deles. Prohíbese a presenza de outra persoa no vehículo.

11.5 A F.G.A. notificara ós Sub-Sectores da G.C. de Tráfico horarios e datas de celebración dos recoñecementos, para seguir un control rigoroso, e conforme ó Real Decreto 1428/2003 de 21 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenrolo do texto articulado da Lei sobre Tráfico, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990 de 2 de Marzo. A maiores solicitarase traslado das denuncias (D.G.T.) que se formulen por infraccións á normativa para adoptar as medidas federativas que no seu caso procedan.

11.6 No regulamento particular da proba figurará un Comisario/Controlador dos recoñecementos, que informará dos incumprimentos ó Director de Carreira que dará traslado ó Colexio de Comisarios Deportivos da Proba.

11.7 Sancións por incumprimento da normativa de recoñecementos:

- a)** Efectuar recoñecementos en momentos non autorizados: Non autorizado a tomar a saída
- b)** Superar o número de pasadas por tramo: Penalización de 5 minutos.

c) Exceso de velocidade en recoñecementos a criterio dos Comisarios Deportivos: Penalización de 30 segundos por cada infracción.

d) Circular en sentido contrario nos treitos cronometrados sen estar autorizado: 10 segundos por cada infracción.

f) Por incorrer nunha infracción que implique a penalización de "non autorizado a tomala saída" será obrigatorio dar traslado ó Tribunal Galego de Apelación, para apertura e incoación de Expediente Disciplinario.

11.8 Organización dos recoñecementos: a organización dos recoñecementos será a indicada mediante complemento o día do peche das inscricións. Dividiranse os participantes en dous grupos para recoñecer cada treito, para evitar aglomeracións.

Artigo 12 DISPOSICIÓNS CONTRARIAS A NORMATIVA XERAL DA F.G.A.: Segundo o artigo 6.2 das Prescricións Comúns dos Campionatos e Copas de Galicia. "O proxecto de Regulamento Particular deberá mencionar explicitamente, nun apartado diferenciado, tódalas súas disposicións que resulten contrarias a normativa xeral da F.G.A.". Deberán facer constas no regulamento particular a excepcións aprobadas pola F.G.A.

Don Alejandro Fraga Paradela, provisto da licenza do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, solicito a aprobación do presente Regulamento Particular da proba á Federación Galega de Automobilismo.

Asdo.: Director da Carreira
N.I.F.: 44458840R

Asdo.: Xefe de Seguridade Vial
N.I.F.: 76706734D

Entidade: Escudería Ourense
C.I.F.: G32027344
Asdo.: Presidente
D. Alejandro Fraga Paradela

Selo do Clube